



RURAL DE GALICIA — 1ª ETAPA

Club de Montaña O Carroucho

1 de Abril de 2017

Comezamos a ruta na área forestal de Candeán preto da necrópole de Monte Penide. Nesta zona hai alomenos trinta mámoas catalogadas e abundantes petroglifos. Podemos ver desenterrada a mámoa do rei. Cruzamos a lagoa grande, apenas unha depresión onde en invernos máis chuviosos acumúlase a auga da choiva en pozas nos prados, pero este ano é apenas unha pequena lameira, de camiño ao castro de Negros.

Comezamos a baixada dende o castro de Negros, cara ao val do río Maceiras que desemboca á altura de Redondela, atravesando a parroquia de Eira Pedriña, onde recuperaremos un tramo de asfalto. Cruzaremos as estradas N-555 e N-550, cruzaremos as parroquias de Fonte da lama e O Muro. Atravesaremos o camiño portugués de Santiago á altura de Quintela. Comezaremos a subir unha costa asfaltada entre as fincas de Quintela e chegaremos á igrexa de San Mamede de Quintela. No medio da costa atoparemos unha fonte con auga potable.



Deixando atrás a igrexa, a costa continúa ata as últimas casas do barrio da Devesa de Quintela. O camiño rural lévanos agora por pistas de terra. Cruzamos o camiño do río de Xans compartindo algúns tramos coa senda da auga, da que finalmente nos separaremos. Seguimos o Camiño da Poza da Mina. Baixando o camiño de Agrelo ou estrada de Pazos, a case 11 km da saída encontramos unha área recreativa apta para xantar.

Datos Básicos

Comezo:	Porto Cabeiro
Remate:	Soutomaior
Distancia lineal:	20,5 km.
Duración aprox.:	7 horas
Dificultade:	Baixa-Media
Altura máxima:	398 m
Altura mínima:	15 m
Acumul.:	↗693 m / ↘1034 m

Cruzamos a estrada PO-250 e continuamos o camiño cara a Castiñeira. Cruzamos a Ponte de San Garrido sobre o río Alvedosa. Segundo nos achegamos a esta parroquia o camiño de terra cambia a asfalto de novo. Subimos outra costa entre fincas e recuperamos un camiño de terra para cruzar ao seguinte val no que as torres de alta tensión vólvennos a acompañar a través do monte Alxán, baleiro de árbores, que aínda non se recuperou dos incendios do ano pasado.

Dende o mirador de Pedras Agudas, na ladeira do monte Alxán, temos unha magnífica panorámica do fondo da ría, a enseada de San Simón e Rande, tendo un día claro.

Seguimos avanzando e ao cambiar de ladeira recuperamos un pequeno fragmento de bosque atlántico no camiño a Moreira. Entramos de novo en pista asfaltada, cruzando as fincas de Moreira ata que alcanzamos o muro que pecha o gran parque do Castelo de Soutomaior, que rodeamos. Na entrada do castelo finaliza esta primeira etapa.

O castelo pódese visitar só ata as 19:00h. Ten un gran parque botánico e moitas zonas abertas ao público. Dende a entrada vese o edificio principal bastante ben. Tamén conta con cafetería no exterior, xusto na porta do recinto.



Próxima cita:

**29-30-1 Abril/Maio
Mampodre (León)**



www.carroucho.org